

Declaración institucional do Concello de Vilagarcía

no 75º Aniversario da II República Española

A II República Española é o antecedente democrático directo do réxime de participación e liberdades que hoxe gozamos, da Constitución de 1978, dotada dos mesmos valores e das mesmas aspiracións de modernización e participación democrática. Se un acode ao dicionario pode constatar que democracia e república teñen similares acepcións, e que as súas definicións están intrinsecamente relacionadas. Por iso, esta declaración é un acto de reafirmación democrática que pretende recuperar a memoria histórica do pobo de Vilagarcía que recibiu con xúbilo e esperanza a II República Española en data histórica, o 14 de abril de 1931; isto é, fai 75 anos.

Non se pretende reabrir vellas feridas, nada máis lonxe diso, entendemos que sen perdón e reconciliación dificilmente habería un réxime democrático no noso país. Aínda que tampouco pode existir confusión entre reconciliación e esquecemento. A reconciliación non pode basearse, xa que logo, na amnesia colectiva, nas páxinas en branco, no descoñecemento das consecuencias humanas, sociais, políticas e económicas que tivo a sublevación militar contra a legalidade democrática. Xa que logo, non tocar vellas feridas non pode ser sinónimo de desprezo para os que loitaron dignamente por valores sociais e humanos dos que nos sentimos orgullosos ou declaramos ser continuadores.

O Congreso dos Deputados ven en considerar que o 2006 sexa declarado Ano da Memoria Histórica en recoñecemento da II República española como antecedente da Constitución de 1978 e en homenaxe ás vítimas da Guerra Civil e da represión franquista.

Moitos dos ideais que nos foron legados pola II República española teñen que ver coas preocupacións dos cidadáns de hoxe: a liberdade e a laicidade, a igualdade entre mulleres e homes, a escola pública, a virtude cívica e a honestidade, o federalismo, a paz e o respecto dos dereitos humanos, o compromiso coa sorte dos traballadores, os dereitos sociais e o ben común; nunha palabra, o compromiso cunha democracia avanzada.

A II República foi o primeiro réxime realmente democrático na historia colectiva do Estado Español con medidas tan decisivas como a implantación do sufraxio verdadeiramente universal, con recoñecemento do dereito de voto das mulleres. A Constitución española de 1931 foi tamén a primeira que abordou o recoñecemento de dereitos sociais e económicos e as bases do que hoxe coñecemos como Estado do Benestar. Así mesmo, tratou de resolver o problema da articulación territorial de España mediante o sistema de estatutos de autonomía, elaborados por iniciativa dos territorios que aspiraban ao seu autogoberno, e adiantouse en proclamar a renuncia á guerra como instrumento da política internacional. Pese ao seu trágico desenlace, o réxime instaurado en 1931 é un antecedente directo do actual estado social e democrático de dereito e do sistema autonómico establecido na actual Constitución de 1978.

A Constitución da II República supuxo un notable avance no recoñecemento e defensa dos dereitos humanos polo ordenamento xurídico español e na organización democrática do Estado, dedicou case un terzo do articulado a recoller e protexer dereitos e liberdades individuais e sociais. Unha gran parte dos principios de dereitos e garantías recólleo a Constitución de 1978: o principio de igualdade ante a lei; de laicidade; as garantías individuais e políticas; a eliminación de discriminacións por natureza de filiación, sexo, clase social, riqueza, ideas políticas ou crenzas relixiosas; a liberdade relixiosa; a liberdade de expresión; a reunión de asociación; o dereito de xestión, a inviolabilidade do domicilio e a correspondencia; a igualdade de home e mulleres para acceder a cargos ou a empregos públicos; a igualdade de dereitos dentro do matrimonio; a igualdade dos fillos, nazon dentro do matrimonio ou non; o dereito ao traballo; ao seguro de enfermidade; paro forzoso; vellez; invalidez e morte; a protección da maternidade; a xornada de traballo; o salario mínimo e familiar; o dereito á educación e a cultura como atribucións esenciais do Estado; a gratuidade e a obrigatoriedade do ensino primario; a liberdade de cátedra; a inspiración nos ideais de solidariedade humana; compatibilízase a unidade do Estado coa autonomía territorial; renúnciase á forza como instrumento político, etcétera.

Por todo isto,

A corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa, para facer xustiza á memoria, pero tamén manter vivos os ideais e as esperanzas aínda plenamente vixentes a día de hoxe, proxectar e actualizar os seus valores humanos de igualdade e xustiza como medio de gañar o futuro; falar de motivos, de razóns, de esperanzas colectivas, de dignidade, dos principios que iluminaron anos e anos de esperanza; ao conmemorar o 75º aniversario da II República Española DECLARA:

A súa gratitude e recoñecemento a tódalas persoas no seu conxunto, e a cada unha individualmente considerada, que formaron parte da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa nos distintos períodos de mandato que se corresponden coa etapa histórica da II República Española, elixidos para esta función representativa polos cidadáns; antecesores na representación institucional dos que nos declaramos os seus continuadores na defensa dos valores democráticos de liberdade, igualdade e fraternidade; e representados neles, nos concelleiros, facémolo extensivo as mulleres e homes que aspiraron a outro modelo de sociedade: milleiros de cidadáns, de traballadores, de mariñeiros, de labregos, de profesionais, das xentes da cultura, de loitadores pola democracia, da solidariedade dos pobos e a liberación deste país da explotación, o paro, o fame, a miseria e a incultura.